

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 23.03.2018 Hora: 10:30

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 23 de marzo de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 22793 (10/POC-003763)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Moreira Ferro, Jacobo e 7 máis
Sobre o estado de execución no que se atopa o novo edificio xudicial de Pontevedra, no barrio da Parda
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 242, do 18.01.2018
- 1.2 24026 (10/POC-004003)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 5 máis
Sobre as principais novidades introducidas nos módulos e bases de compensación económica aos avogados e procuradores da quenda de oficio pola prestación do servizo de asistencia letrada e representación gratúitas, así como a incidencia que vai ter esta medida na mellora do servizo para a cidadanía
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018
- 1.3 25579 (10/POC-004196)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a intención do Goberno galego de solicitar o aumento dos medios materiais e humanos dos que dispón o Ministerio Fiscal, especialmente a Fiscalía contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 261, do 15.02.2018
- 1.4 25584 (10/POC-004200)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis
Sobre a data prevista para a publicación do novo decreto da oficina xudicial de Galicia remitido no ano 2016 ao Consello Xeral do Poder Xudicial para informe, así como sobre as intencións do Goberno galego de encargar a unha empresa de consultoría un estudo que desenvolva un proxecto de oficina xudicial en Ourense como experiencia piloto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 261, do 15.02.2018
- 1.5 27393 (10/POC-004434)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre as razóns da non-publicación nos portais da Xunta de Galicia, en particular no de adopcións, das modificacións introducidas pola Sentenza do Tribunal Constitucional 133/2017 na Lei de dereito civil de Galicia, así como a súa aplicación na actualidade

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 277, do 15.03.2018

1.6

27600 (10/POC-004461)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as xestións levadas a cabo polo Goberno galego, as razóns da demora e o prazo previsto para o cumprimento do acordo parlamentario do 3 de outubro de 2017, referido á retirada das inscricións franquistas existentes nas fachadas das igrexas católicas, e, en particular, a que hai na igrexa de Santiago en Cangas

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 277, do 15.03.2018

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1

23367 (10/PNC-001859)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre o impulso polo Goberno galego das medidas legislativas e administrativas precisas para regular a actividade de "lobby" no ámbito da Xunta de Galicia e do seu sector público instrumental

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018

2.2

24117 (10/PNC-001906)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co disposto no artigo 19 da Lei de transparencia e bo goberno

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018

2.3

26279 (10/PNC-002032)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da equiparación dos dereitos retributivos e laborais entre o persoal das forzas e corpos de seguridade do Estado e os autonómicos

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018



Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2018

César Manuel Fernández Gil
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

César Manuel Fernández Gil

P

Vicepresidenta

María Julia Rodríguez Barreira

P

Secretaria

Patricia Vilán Lorenzo

S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres

BNG

Juan Manuel Díaz Villoslada

S

Jacobo Moreira Ferro

P

Antonio Mouriño Villar

P

María Isabel Novo Fariña

P

José Alberto Pazos Couñago

P

Paula Prado del Río

P

Carmen Santos Queiruga

EM

Luis Villares Naveira

EM

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 23.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 23.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 22793(10/POC-003763)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo e 7 máis

Sobre o estado de execución no que se atopa o novo edificio
xudicial de Pontevedra, no barrio da Parda

Publicación da iniciativa, 242, 18.01.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2018 13:33
Nº Rexistro: 22793
Data envío: 11/01/2018 13:33:34.850

Á Mesa do Parlamento

Jacobo Moreira Ferro, Paula Prado del Río, Guadalupe Murillo Solís, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, e María Julia Rodríguez Barreira, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Un dos compromisos adquiridos pola Xunta de Galicia e contido no Plan de Infraestruturas Xudiciais foi a construción dun novo edificio xudicial en Pontevedra, no barrio de A Parda, a carón do actual edificio xudicial. Un investimento dotado cun orzamento de 20 millóns de euros, con capacidade suficiente para albergar adecuadamente tanto os órganos e servizos xudiciais existentes na actualidade como os que poidan ser creados nun horizonte de 15 ou 20 anos, tratando así de adecuar a prestación do servizo público ás necesidades presentes e especialmente ás necesidades futuras.

Unha vez que a Xunta de Galicia dispuso da titularidade da parcela, comezaron a poñerse en marcha todos os trámites: contratación do proxecto, aprobación da licitación, adxudicación e inicio da obra.

O proxecto contempla un inmovible de seis plantas con 21.000 metros cadrados de superficie. Estará comunicado por unha pasarela coa actual sede dos xulgados e permitirá ubicar no mesmo ata 28 unidades xudiciais. A nova sede albergará a xurisdicción non penal: catro xulgados do Social e dous do Mercantil que están na actualidade ubicados no edificio da Audiencia Provincial; tres do Contencioso-Administrativo ubicados na rúa Xermán Adrio, e seis xulgados de primeira instancia que se atopan no actual edificio de A Parda.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte **Pregunta Oral en Comisión:**

-En qué estado se atopa a execución do novo edificio xudicial de Pontevedra?

Santiago de Compostela, 11 xaneiro 2.018

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2018 13:33
Nº Rexistro: 22793
Data envío: 11/01/2018 13:33:34.850

Jacobo Moreira Ferro na data 11/01/2018 13:30:47

Paula Prado Del Río na data 11/01/2018 13:31:06

María Guadalupe Murillo Solís na data 11/01/2018 13:31:30

María Isabel Novo Fariña na data 11/01/2018 13:31:44

César Manuel Fernández Gil na data 11/01/2018 13:32:04

Antonio Mouriño Villar na data 11/01/2018 13:32:10

Alberto Pazos Couñago na data 11/01/2018 13:32:24

María Julia Rodríguez Barreira na data 11/01/2018 13:32:47

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 23.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 24026(10/POC-004003)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 5 máis

Sobre as principais novidades introducidas nos módulos e bases de compensación económica aos avogados e procuradores da quenda de oficio pola prestación do servizo de asistencia letrada e representación gratuítas, así como a incidencia que vai ter esta medida na mellora do servizo para a cidadanía

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24026
Data envío: 23/01/2018 20:22:37.820

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, xustiza e Interior.**

O pasado 5 de xaneiro se publicaban no Diario Oficial de Galicia as ordes polas que se establecen as compensacións económicas aos colexios de avogados e procuradores de Galicia polas actuacións dos seus colexiados e colexiadas no ámbito da asistencia xurídica gratuíta.

Isto supón que, por primeira vez desde o ano 2010, se incrementou o baremo económico que perciben os avogados e procuradores por atender a quenda de oficio, dando así resposta as peticións dos colexios de avogados e procuradores de Galicia, que demandaban reiteradamente a revisión destas cantidades, e poñendo así en valor o traballo que desenvolven estes profesionais adscritos aos servizos de asistencia xurídica gratuíta, que constitúe unha parte esencial do dereito fundamental á tutela xudicial.

Faise cumprir deste xeito o programa electoral co que o Partido Popular de Galicia gañou a confianza maioritaria dos galegos e das galegas en outubro de 2016 e que recollía expresamente o seguinte compromiso: *“Melloraremos a calidade e eficiencia da asistencia xurídica gratuíta mediante o fomento do papel que desenvolven os profesionais da quenda de oficio, revisando os conceptos e baremos da compensación económica que perciben pola súa actuación. Revisaremos os servizos da asistencia xurídica gratuíta para acomodalos ás últimas reformas lexislativas, e actualizaremos os baremos da contraprestación polo servizo da quenda de oficio, axeitándoos, en todo caso, á media do que se aplica a estes profesionais no resto de España”.*

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes **Preguntas Oraís en Comisión:**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24026
Data envío: 23/01/2018 20:22:37.820

1. Cales son as principais novidades introducidas nos módulos e bases de compensación pola prestación do servizo de asistencia letrada e representación gratuítas?
2. Cree o goberno galego que esta medida redundará na mellora do servizo para a cidadanía?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2.018.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 23/01/2018 20:20:42

César Manuel Fernández Gil na data 23/01/2018 20:20:54

María Isabel Novo Fariña na data 23/01/2018 20:20:58

Alberto Pazos Couñago na data 23/01/2018 20:21:10

Antonio Mouriño Villar na data 23/01/2018 20:21:18

María Julia Rodríguez Barreira na data 23/01/2018 20:21:29

Jacobo Moreira Ferro na data 23/01/2018 20:21:40

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 23.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 25579(10/POC-004196)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a intención do Goberno galego de solicitar o aumento dos medios materiais e humanos dos que dispón o Ministerio Fiscal, especialmente a Fiscalía contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada

Publicación da iniciativa, 261, 15.02.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2018 16:51
Nº Rexistro: 25579
Data envío: 07/02/2018 16:51:44.371



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O Ministerio Fiscal, órgano de relevancia constitucional e con personalidade xurídica propia, responde exclusivamente a criterios de legalidade, obxectividade, imparcialidade e independencia, polo que se deben evitar inxerencias no seu traballo. Ningún goberno debería pretender tutelalo dirixindo as súas investigacións e o senso do seu proceder.

Esta é a teoría, mais, por desgraza, a práctica é outra ben diferente: o actual ministro de Xustiza, Rafael Catalá, leva xa tres fiscais xerais do Estado (un por ano) ata que atopou a “correa de transmisión” perfecta que buscara sen éxito ao longo destes anos; tanto é así, que recentemente ten relevado a 35 titulares de órganos clave do ministerio público, algúns tan sensibles como as xefaturas da Fiscalía Anticorrupción ou da Audiencia Nacional.

Ao anterior hai que unir que o artigo 324 da Lei de axuízamento criminal establece que as dilixencias de instrución se practicarán durante o prazo máximo de 6 meses dende a data do auto de incoación do sumario ou das dilixencias previas -18 meses se fose complexa e que podería ser prorrogada por igual ou inferior prazo-, o que vai ter un efecto adverso para conquistar clarexar os feitos delitivos e aos seus responsables. Como advirte a propia asociación “Unión Progresista de Fiscais”, a lei (...) determinará a impunidade dunha boa parte deles como consecuencia do establecemento dun prazo taxado de instrución. Porque o certo é que se corre o risco de que este artigo provoque *de facto* unha amnistía para as tramas de corrupción nos xulgados.

A maiores, o Goberno esquece a insuficiencia de medios persoais e materiais dos xulgados en xeral e da Fiscalía en particular. E isto pode provocar unha amnistía para as tramas de corrupción e a impunidade dos responsables. O propio Goberno galego debería esixirlle ao Goberno do Estado o incremento

efectivo dos medios materiais e humanos dos que dispón o Ministerio Fiscal, moi especialmente os da Fiscalía contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada, e, de paso, cumprir o propio Decreto 124/2014, do 11 de setembro, en canto ao número de oficinas e á *ratio* ideal por Fiscalía.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a opinión do Goberno galego sobre o relevo polo Fiscal Xeral do Estado de 35 titulares de órganos clave do Ministerio Fiscal, como as xefaturas da Fiscalía Anticorrupción ou da Audiencia Nacional?
2. Coincide o Goberno galego coas declaracións da asociación “Unión Progresista de Fiscais”, relativas a que o artigo 324 da Lei de axuízamento criminal vai provocar *de facto* unha amnistía para as tramas de corrupción nos xulgados?
3. Vaille esixir o Goberno galego ao Goberno do Estado o incremento efectivo dos medios materiais e humanos dos que dispón o Ministerio Fiscal, moi especialmente os da Fiscalía contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada?
4. Estase a cumprir en Galicia o Decreto 124/2014, do 11 de setembro?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/02/2018 11:46:19

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/02/2018 11:46:24

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/02/2018 11:46:29

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 23.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 25584(10/POC-004200)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre a data prevista para a publicación do novo decreto da oficina xudicial de Galicia remitido no ano 2016 ao Consello Xeral do Poder Xudicial para informe, así como sobre as intencións do Goberno galego de encargar a unha empresa de consultoría un estudo que desenvolva un proxecto de oficina xudicial en Ourense como experiencia piloto

Publicación da iniciativa, 261, 15.02.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2018 16:52
Nº Rexistro: 25584
Data envío: 07/02/2018 16:52:58.963



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O servizo público da xustiza é vital para a vertebración do estado social e democrático de dereito. Necesitamos unha Administración de xustiza moderna, esencial para consolidar o estado de dereito e mellorar a calidade da nosa democracia. Unha nova oficina xudicial e a incorporación nas oficinas xudiciais das novas tecnoloxías inciden neste fin. Se a oficina xudicial existise, tamén existiría a centralización de servizos comúns e a imprescindible modernización tecnolóxica. Cómpre unha xustiza totalmente informatizada, onde os que se chaman operadores xurídicos e as distintas instancias da oficina xudicial se comuniquen entre si e coa oficina fiscal a través da rede informática. Pero a oficina xudicial, instrumento básico para o desenvolvemento da función xurisdiccional, está paralizada.

O Goberno galego elaborou un borrador de decreto para implantar os servizos comúns procesuais en Galicia. Segundo informacións recollidas expresamente na Memoria Xudicial do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para o ano 2014, o borrador estaba en fase de consulta cos distintos operadores xurídicos a finais de 2014, sendo previsible a súa aprobación ao longo de 2015. O decreto segue a ser unha incógnita ata o de agora, aínda que no ano 2016 xa fora remitido ao Consello Xeral do Poder Xudicial para informe.

Nestes días temos coñecido que o Goberno galego vai contratar a unha empresa de consultoría (EVERIS Spain SL) para que elabore un estudo que desenvolva un proxecto de oficina xudicial en Ourense, como experiencia piloto, e para que faga unha avaliación da actividade e dos recursos mediante unha diagnose da situación. Pero a cuestión está en que a empresa pouco vai poder dicir:

1. O Decreto xa foi negociado, informado e finalizado, só queda que sexa publicado.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. Todos os datos estatísticos que se necesitarán nunha experiencia piloto -en canto a volume de actividade e carga de traballo- xa están dados polo Consello Xeral do Poder Xudicial e polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
3. Pedirlle a unha empresa que determine se os recursos humanos son os axeitados é rirse de todos os galegos e galegas. Para que está a Dirección Xeral de Xustiza entón?
4. Finalmente, córrese o risco de que ocorra o mesmo que coa empresa que se encargara hai 8 anos da diagnose da situación na Fiscalía de Santiago de Compostela, cos resultados que xa coñecemos.

En realidade, isto non é máis que a externalización privada da xestión da Administración de xustiza, máis claro a auga.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando vai publicar o Goberno galego o novo decreto da oficina xudicial en Galicia?
2. Pediu o Goberno galego os datos estatísticos que se necesitan nunha experiencia piloto -en canto a volume de actividade e carga de traballo- ao Consello Xeral do Poder Xudicial e ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia?
3. Ten a Dirección Xeral de Xustiza os datos sobre se os recursos humanos son os axeitados?
4. Cre o Goberno galego que é necesaria a externalización privada da xestión da Administración de xustiza?
5. Cre o Goberno galego que a contratación da empresa de consultoría EVERIS Spain SL é un exemplo de externalización privada da xestión da Administración de xustiza?
6. Cre o Goberno que vai servir para algo esta contratación?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2018 16:52
Nº Rexistro: 25584
Data envío: 07/02/2018 16:52:58.963



 **Grupo Parlamentario**

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/02/2018 13:57:23

Noela Blanco Rodríguez na data 07/02/2018 13:57:29

Raúl Fernández Fernández na data 07/02/2018 13:57:33

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/02/2018 13:57:38

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/02/2018 13:57:42

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 23.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 27393(10/POC-004434)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre as razóns da non-publicación nos portais da Xunta de Galicia, en particular no de adopcións, das modificacións introducidas pola Sentenza do Tribunal Constitucional 133/2017 na Lei de dereito civil de Galicia, así como a súa aplicación na actualidade

Publicación da iniciativa, 277, 15.03.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga e Paula Vázquez Verao, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 1.^a**

A Lei 2/2006 de Dereito Civil de Galicia foi aprobada no Parlamento de Galicia e publicada no Boletín Oficial do Parlamento o día 6/06/2006. Esta lei, no seu título II ocúpase da adopción e no título III da autotutela (artigos desde 27 a 45), dezaioito artigos nos que se regulan estas dúas figuras xurídicas.

Esta Lei 2/2006 de Dereito Civil de Galicia, foi aprobada polo Parlamento galego por unanimidade, con 74 votos a favor.

O presidente do Goberno daquela, José Luis Rodríguez Zapatero, do PSOE no Consello de Ministros do 24 de marzo de 2007, acordou interpoñer recurso de inconstitucionalidade contra os artigos 27 a 45 da Lei de Galicia 2/2006 de 14 do xuño de Dereito Civil de Galicia (publicada no DOG de 29 do xuño de 2006).

A existencia dunha vara de medir diferente para cada comunidade constatouse porque namentres en Galicia se interpuña este recurso de inconstitucionalidade contra a lei de dereito civil galega, o mesmo goberno de Zapatero anulaba un recurso de inconstitucionalidade interposto por o goberno de José María Aznar (2003) contra a lei de dereito civil de Cataluña.

Este recurso de inconstitucionalidade contra dita Lei de Dereito Civil de Galicia foi admitido a trámite mediante providencia do 22 de maio de 2007, con número 2845/2007.

Segundo a sentenza do TC 133/2017 de 16 do novembro de 2017, esta regulación excede das competencias para a conservación, modificación e desenvolvemento do Dereito civil propio atribuídas polo artigo 27.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, vulnerando a competencia estatal nesta materia recollida no artigo 149.1.8 da CE.

Na súa sentenza o Tribunal Constitucional declara inconstitucionais e nulos o título II(artigos 27 a 41) sobre a adopción e o título III (artigos 42 a 45) sobre a autotutela, cos efectos previstos no fundamento xurídico 8 no que se determina o alcance temporal dos efectos de tal declaración de inconstitucionalidade. A data de publicación da sentenza, o 20 de decembro de 2017 é a data clave para a limitación temporal dos efectos da mesma.

“O noso pronunciamento de inconstitucionalidade dos artigos 27 a 41 da lei 2/2006 non afectarán as adopcións que sexan firmes na data de publicación desta sentenza, pois o principio de seguridade xurídica, consagrado no artigo 9.3 CE, aconsella limitar os efectos desta resolución a aqueles procesos de adopción que se atopen en curso (que deberán axeitarse ós mandatos das normas civís do Dereito común e ás procesuais de carácter estatal) ademais, loxicamente dos que se inicien con posterioridade á dita publicación.”

No **portal galego de adopcións da Xunta de Galicia**, constátase que non hai corrección das leis que se manexan a nivel autonómico nin alusión a esta sentenza do TC, que declara nulas estas disposicións de adopción e de autotutela, que se rexerán no sucesivo polo disposto no código civil e na lei de axuizamento civil.

No portal **Lexgal** tampouco se fai mención a nulidade desta regulación.

Finalmente, debemos indicar que segundo fontes xornalísticas con cita da propia Consellería (publicado entre outros en La Voz de Galicia de 2 de marzo de 2018) indícase que " *La Xunta valora intensamente ampliar la diferencia de edad entre adoptante y menor a 45 años*". De ser certa esta información, e tendo en conta que a lexislación aplicable dende o 21 de decembro é o dereito común (FX 8º), e polo tanto o Código civil, que no artigo 175.1 establece (non valora) a diferenza de idade máxima entre adoptante e adoptado en 45 anos, sorprende que a Xunta só estea a sopesar aplicar a lei vixente.

Polo exposto, os deputados do Grupo Parlamentario de En Marea, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.ª:

- 1.- Por que non se atopa modificada a lexislación nos portais da Xunta?
- 2.- Por que non aparecen as modificacións operadas pola Sentenza 133/2017 no portal de adopcións de Galicia, transcorridos dous meses e medio desde a súa publicación do BOE?
- 3.- Está a Xunta de Galicia a aplicar a doutrina emanada da Sentenza aos expedientes de adopción en curso, con revisión da normativa aplicable no expediente (FX 8º da Sentenza)?
- 4.- Existe algunha razón legal por parte da Xunta de Galicia para non aplicar a lei vixente dende o 21 decembro de 2017, que é a do Código Civil?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2018.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 17:30
Nº Rexistro: 27393
Data envío: 06/03/2018 17:30:50.318

Asdo.: Luís Villares Naveira
Carmen Santos Queiruga
Paula Vázquez Vero
Deputado e deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 06/03/2018 17:30:09

Carmen Santos Queiruga na data 06/03/2018 17:30:17

Paula Vázquez Vero na data 06/03/2018 17:30:24

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 23.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 27600(10/POC-004461)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as xestións levadas a cabo polo Goberno galego, as razóns da demora e o prazo previsto para o cumprimento do acordo parlamentario do 3 de outubro de 2017, referido á retirada das inscricións franquistas existentes nas fachadas das igrexas católicas, e, en particular, a que hai na igrexa de Santiago en Cangas

Publicación da iniciativa, 277, 15.03.2018

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª**.

A Comisión 1ª do Parlamento galego, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 3 de outubro de 2017, adoptou o seguinte acordo unánime:

“O Parlamento de Galicia insta ao goberno galego a

1. Negociar co arcebispo de Santiago, no marco da comisión mixta Xunta-Igrexa Católica, a retirada da inscrición franquista da igrexa de Santiago de Cangas antes de finais de 2017.

2. Estender esta negociación a outras inscricións similares que aínda permanecen nas fachadas das igrexas, co obxecto de que se retiren no prazo máis breve posíbel.

3. No caso de que a igrexa católica non amose disposición, de acordo co establecido na lei 52/2007, de 26 de decembro, (...), coñecida como lei de memoria histórica, e a Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galiza, iniciar os correspondentes expedientes para ordenar a retirada das citadas inscricións, considerando



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 18:00
Nº Rexistro: 27600
Data envío: 08/03/2018 18:00:12.398

a súa dobre condición de símbolos de exaltación do franquismo e de atentados contra o patrimonio”.

Trascorridos máis de 5 meses do devandido acordo, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

-Que xestións realizou a Xunta de Galiza para o cumprimento deste acordo parlamentar?

-Por que aínda non se retirou a inscrición franquista da igrexa de Santiago de Cangas?

-En que prazo está previsto dar cumprimento ao acordo parlamentar?

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 18:00
Nº Rexistro: 27600
Data envío: 08/03/2018 18:00:12.398

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 08/03/2018 17:58:33

María Montserrat Prado Cores na data 08/03/2018 17:58:38

Ana Pontón Mondelo na data 08/03/2018 17:58:40

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/03/2018 17:58:41

Olalla Rodil Fernández na data 08/03/2018 17:58:42

Noa Presas Bergantiños na data 08/03/2018 17:58:44

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 23.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. **Proposicións non de lei**

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 23.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 23367(10/PNC-001859)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre o impulso polo Goberno galego das medidas lexislativas
e administrativas precisas para regular a actividade de
"lobby" no ámbito da Xunta de Galicia e do seu sector público
instrumental

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 23367
Data envío: 16/01/2018 19:03:06.017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

A falta de claridade conceptual e de regulación con respecto aos grupos de interese (*lobbies*) supón en moitas ocasións a confusión entre estes grupos e o tráfico de influencias, pero mentres o *lobby* presupón un certo equilibrio, *a priori*, no campo de xogo, o tráfico de influencias, todo o contrario, consiste nun abuso de posición, normalmente ilegal, ilícita, do que se obteñen beneficios. Un grupo de interese implica unha declaración de intencións e, nesa medida, o recoñecemento de que o xogo de forzas se debe facer explícito para que os cidadáns, as organizacións, os consumidores, o conxunto de axentes, saiban a que aterse. Por iso, o recoñecemento, a formalización e a regulación dos *lobbies* no noso país, na nosa comunidade, é unha imperiosa esixencia de transparencia e calidade democrática.

Segundo o Eurobarómetro, o 77 % dos españois cren que a corrupción é parte da cultura dos negocios, mentres que un 67 % considera que a única forma de ter éxito nos negocios son as conexións políticas. Estas percepcións son aínda máis fortes entre as empresas, das que un 91 % ve excesivos vínculos entre diñeiro e política. Basta ser espectador dos principais casos xudiciais de corrupción no noso país para ser conscientes deste grave problema social, económico e político.

O *Libro verde sobre a iniciativa europea en favor da transparencia*, elaborado pola Comisión Europea en maio de 2006, define o *lobbismo* como unha parte lexítima do sistema democrático, independentemente de que esta actividade sexa realizada por particulares, empresas, organizacións da sociedade civil así como por outros grupos de interese ou, incluso, firmas que traballan en nome de terceiras persoas, como responsables de relacións institucionais, laboratorios de ideas (*think-tanks*) ou profesionais da avogacía. Unha actividade que debe de ser pública para que a cidadanía teña pleno acceso á información sobre todo o que incide no comportamento das institucións e das autoridades.



Grupo Parlamentario

Nas distintas iniciativas presentadas polo noso Grupo parlamentario nos anteriores períodos de sesións desta X Lexislatura en materia de calidade democrática e medidas contra a corrupción, e sistematicamente rexeitadas polo Grupo do Partido Popular, recollíamos as consideracións do Grupo de Estados contra a Corrupción (GRECO) do Consello de Europa.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O seu informe de xullo de 2016 supuña un severo correctivo ante a inacción das autoridades españolas (co Goberno do Partido Popular ao fronte) ao concluír que o noso país non ten observado de maneira satisfactoria ningunha das recomendacións contidas no seu informe de avaliación do Cuarto ciclo de 2014. Sen paliativos, GRECO cualifica como “globalmente insatisfactorio” o grao de cumprimento das súas recomendacións.

Os gobernos do Partido Popular teñen buscado crear a aparencia de impulsar un ambicioso paquete de iniciativas dirixidas a loitar contra a corrupción, pero tanto a realidade socio-política do noso país (ver sucesivos barómetros CIS) como as conclusións do Informe GRECO 2016 desmenten incontestablemente esta errada pretensión, non atendéndose así ás esixencias preconizadas polo Consello de Europa.

No seu Informe de conformidade intermedia de seguimento da prevención da corrupción, adoptado na súa 78ª reunión plenaria en Estrasburgo nos pasados días 4-8 de decembro de 2017, o Consello de Europa volve observar como España non está a cumprir de forma satisfactoria as recomendacións contra a corrupción. Entre estas recomendacións, GRECO insta a regular os grupos de interese e as súas relacións coas autoridades públicas e, sinaladamente, cos representantes políticos.

Nunha comparecencia parlamentaria en 2015 o propio presidente do Consello Galego da Competencia aludía claramente a determinados axentes que interveñen no mercado como focos de especial atención en materia de libre competencia e, polo tanto, sectores máis que propicios a desenvolver presión sobre as autoridades reguladoras á hora de acordar políticas públicas.

Tamén o presidente do Parlamento galego anunciaba en decembro de 2016 que promovería que a axenda dos deputados autonómicos sería pública para a cidadanía.



Grupo Parlamentario

Ao igual que Estados avanzados da nosa contorna, institucións da UE e algunhas comunidades autónomas, Galicia ten tamén que adoptar todas as medidas necesarias para reforzar a lexitimidade do seu Goberno, das súas institucións, e reducir así a percepción de corrupción sistémica. E a regulación do *lobby* é unha das medidas precisas para reducir riscos de corrupción e mellorar a calidade e a transparencia na toma de decisións políticas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

Impulsar as medidas lexislativas e administrativas precisas para regular a actividade de *lobby* no ámbito da Xunta de Galicia e do seu sector público instrumental, debendo comprender esta regulación:

- a) A creación de un rexistro específico de “lobistas” que terá carácter obrigatorio para toda persoa ou entidade que pretenda exercer influencia de forma organizada.
- b) A obriga de toda persoa representante pública de informar de xeito claro dos contactos que manteña, para o que deberá publicar a súa axenda de traballo.
- c) Un código ético para a actividade de *lobby*.
- d) A identificación de un órgano independente encargado de xestionar e vixiar o sistema, sancionando os incumprimentos, tanto do sector público como privado.

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 16/01/2018 18:27:27

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/01/2018 18:27:40

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/01/2018 18:27:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 23367
Data envío: 16/01/2018 19:03:06.017



Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/01/2018 18:27:50

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/01/2018 18:28:06

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 23.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 24117(10/PNC-001906)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en
relación co disposto no artigo 19 da Lei de transparencia e
bo goberno

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Comisión**.

No ano 2016 aprobouse a Lei de transparencia e bo goberno, que obriga á Xunta de Galiza a dar información sobre diversas materias, entre elas as relacións da Xunta co Parlamento de Galiza.

O artigo 19 da lei establece o seguinte:

“Artigo 19. Información específica sobre as relacións da Xunta co Parlamento de Galicia

1. A Xunta de Galicia publicará no Portal de transparencia e Goberno aberto a relación dos acordos aprobados no Parlamento de Galicia que afecten as súas competencias, detallando a data de aprobación e o organismo competente para o seu cumprimento. Asemade, publicará aqueles acordos que a insten a dirixirse a outras entidades.

2. A finais de cada ano, a Xunta de Galicia elaborará e publicará no Portal de transparencia e Goberno aberto un informe respecto do grao de cumprimento dos acordos aprobados polo Parlamento nese ano.”



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 12:13
Nº Rexistro: 24117
Data envío: 25/01/2018 12:13:13.670

Tendo en conta o anteriormente exposto, e que non se deu cumprimento ao establecido no citado artigo, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dar cumprimento do establecido no artigo 19 da Lei de transparencia e bo goberno.”

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2018 11:34:42

María Montserrat Prado Cores na data 25/01/2018 11:34:46



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 12:13
Nº Rexistro: 24117
Data envío: 25/01/2018 12:13:13.670

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/01/2018 11:34:52

Olalla Rodil Fernández na data 25/01/2018 11:34:54

Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2018 11:34:56

Ana Pontón Mondelo na data 25/01/2018 11:35:01

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 23.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 26279(10/PNC-002032)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da equiparación dos dereitos retributivos e laborais entre o persoal das forzas e corpos de seguridade do Estado e os autonómicos

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 17:36
Nº Rexistro: 26279
Data envío: 15/02/2018 17:36:25.361



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga** e do seu deputado **Juan José Merlo Lorenzo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

Os policía e gardas civís por todo o Estado e en Galicia emprenden este mes unha campaña de mobilizacións para reclamar que se remate cunha discriminación histórica que veñen sufrindo policía e gardas civís dende fai moitos anos en relación as policía autonómicas. Dignificar as retribucións das nosas FCSE e apostar pola dignidade laboral en todos os eidos e sectores, para o grupo de **En Marea** é unha cuestión de xustiza social.

Neste caso, trátase de rematar ca fenda salarial existente entre policía estatais e policía autonómicas: a mesmo traballo, mesmo salario. Actualmente estamos falando dunhas diferenzas entre territorios e administracións absolutamente indefendibles, sexa a parte do sector público que sexa. Falamos de diferencias salariais entre axentes nalgúns administracións autonómicas de 600 e 900 euros máis que os axentes estatais galegos que exercen o seu traballo en Galicia, ou fóra de Galicia.

As policía galegas foron enganadas durante moitos anos xa, por gobernos de todas as correes. A nivel estatal, incluían no seu programa electoral unha equiparación que nunca se cumpriu. Durante estes últimos anos utilizouse como escusa a crise, pero antes da crise, cando no Estado había recursos, ningún goberno se lembrou deles.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 17:36
Nº Rexistro: 26279
Data envío: 15/02/2018 17:36:25.361



En Marea sempre se vai poñer do lado dos traballadores e traballadoras e, por iso, imos defender sempre os dereitos socio-laborais de todos os colectivos, e neste caso non pode ser menos.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de **En Marea** presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que inste ao Goberno do Estado para que se equiparen os dereitos retributivos e laborais entre os traballadores e traballadoras das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e Autonómicos, feito discriminatorio que afecta aos traballadores e traballadoras galegas destes corpos.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo.

Voceira S. e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 15/02/2018 17:34:27



Juan José Merlo Lorenzo na data 15/02/2018 17:34:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 17:36
Nº Rexistro: 26279
Data envío: 15/02/2018 17:36:25.361